

O USO DA COR VIOLETA

A utilización da cor violeta como cor do día da muller non é clara, uns din que era a cor da tela que fabricaban as 129 traballadoras que morreron no incendio da fábrica Textil Cotton, de Nova York o 8 de marzo de 1908 despois que se reuniran para declarar a folga. O fume que saía do lume e que se vía por quilómetros era de cor violeta, xa que traballaban con teas desa cor.

Outros afirman que este suceso nunca tiveron lugar e que o verdadeiro incendio ocorreu en 1911 na industria téxtil da Triangle Shirtwaist Company durante unha folga masiva que durou máis dun ano e na que os traballadores xa loitando pola mellora dos seus dereitos laborais.

Outra versión di que era a cor que usaban as primeira sufragistas como identificación.

Falase da elección do morado como símbolo feminista xa que é o resultado da mestura dos cores rosa e azul, cos que eran identificadas as nenas e os nenos, e simbolizaría a loita pola igualdade entre sexos.